



Código Ético

Hospital Lucus Augusti

ÍNDICE

I – Introducción

II - Ámbito de aplicación

III - Valores e Principios:

- ❖ En relación á asistencia
- ❖ Relacións socio laborais
- ❖ Coa sociedade
- ❖ Docencia e investigación

IV - Resolución de conflitos éticos

V – Conclusión

VI - Documentos de referencia

I.- INTRODUCCION

O código ético do Hospital Lucus Augusti pretende ser a expresión dos valores compartidos para servir como guía de conduta e compromiso de todos os que traballamos no hospital, tanto na relación coas persoas ás que atendemos e a sociedade á que nos debemos como nas relacións profesionais entre todos os traballadores.

Este código ético debe servirnos para fomentar o compromiso institucional, a identidade e o sentido de pertenza de todos e cada un dos seus membros, para ter conciencia dos valores en que nos baseamos como institución e para fundamentar con razóns de carácter ético as decisións que tomamos a diario.

II.- ÁMBITO DE APLICACIÓN

O seu ámbito de aplicación esténdese a todo o persoal que preste servizo no Hospital Lucus Augusti.

III.- VALORES E PRINCIPIOS

❖ EN RELACION Á ASISTENCIA

- Os pacientes son o máis importante no hospital e traballaremos para respectar e defender a súa dignidade, os dereitos humanos e as liberdades fundamentais.
- Respectaremos a igualdade fundamental de todas as persoas, en dignidade e dereitos, de tal xeito que sexan tratados con xustiza e equidade.
- Respectaremos a autonomía do paciente, o seu dereito a participar na toma de decisións e a dar, ou retirar o seu consentimento, para a realización de calquera procedemento diagnóstico, terapéutico ou de coidado sen que, en ningún caso, a súa decisión comporte un cambio na nosa relación con el nin supoña o abandono do seu coidado. Para as persoas que carecen de capacidade para dar o seu consentimento, terase que conceder protección especial, de conformidade coa lexislación vixente.
- Respectaremos o dereito a recibir información veraz, continuada, comprensible e adaptada ás súas necesidades, da súa enfermidade e o seu proceso asistencial e

que non sexa compartida con outros sen o seu consentimento expreso ou tácito. Así mesmo respectaremos o dereito a non ser informado.

- Respectaremos a privacidade e intimidade das persoas e a confidencialidade da información, verbal ou escrita. Esa información non deberá utilizarse ou revelarse con fins distintos dos que determinaron a súa provisión ou para os que se obtivo o consentimento. Ningún membro do equipo que atende un paciente ten dereito a ver, acceder e divulgar ningunha información que non sexa necesaria para o seu traballo.

- Respectaremos os valores morais e culturais dos pacientes, así como as súas conviccións relixiosas e filosóficas. Tamén o dereito a recibir ou rexeitar asistencia relixiosa. A práctica que se derive ten que ser compatible coa asistencia sanitaria e respectuosa coas normas do centro.

- Velaremos polo dereito a unha morte digna, considerando e respectando os desexos dos pacientes, aliviando o seu sufrimento, e daremos o apoio que necesiten, el e os seus achegados.

- Respectaremos e atenderemos, segundo a normativa vixente, os desexos e as vontades do doente, manifestadas de forma anticipada nun documento de instrucións previas, sobre os coidados e os tratamentos do seu proceso asistencial, cando non sexa capaz de expresalos por si mesmo por causa do estado da súa enfermidade. Cando non exista o devandito documento, atenderemos ás manifestacións dos seus familiares ou achegados acerca dos desexos e valores do paciente.

❖ **RELACIONES SOCIOLABORAIS**

- Estableceremos relacións laborais baseadas no respecto mutuo, a cooperación e a confianza interpersonal.

- Promoveremos a integridade e transparencia na toma de decisións e o aproveitamento compartido de coñecementos.

- Fomentaremos o traballo en equipo, velando polo respecto interprofesional.

- Respectaremos a liberdade de actuación dos profesionais no marco dos estándares fixados pola comunidade científica e cos medios dispoñibles, incluíndo a obxección de conciencia.

- Procuraremos que as diferenzas con outros profesionais ou cos órganos da dirección institucional se resolvan con responsabilidade, sen culpar a outras persoas ou áreas, evitando difundir comentarios negativos sobre os demais.
- É un deber de todos acoller aos novos traballadores, transmitir-lles os valores da institución co noso exemplo, axudándolles a integrarse.
- Tomaremos as medidas axeitadas cando o noso estado de saúde poida representar un perigo para nós mesmos ou para terceiros
- Actuaremos con responsabilidade ante a sospeita fundamentada de que un compañeiro sufra unha enfermidade que poida entrañar un risco para el ou para outros, respectando a confidencialidade ao máximo.

❖ COA SOCIEDADE

- Seremos unha organización que rende contas á sociedade de todo o que fai, cunha actitude sempre honesta e transparente.
- Comprometémonos a realizar unha xestión eficiente dos recursos de que dispomos.
- Comprometémonos a actuar de acordo ao principio ético de xustiza, coa defensa da equidade na distribución e acceso aos recursos de que dispomos.
- Seremos unha institución que promove a mellora continua da calidade, tendendo á excelencia.
- É responsabilidade de cada traballador preservar, coidar e manter os bens da institución incluíndo o tempo, estruturas, equipos e información. Somos responsables de que non se utilicen para fins distintos aos que foron destinados.
- Promoveremos a cooperación e coordinación con outras institucións e niveis asistenciais sanitario e socio sanitario.
- Seremos unha organización comprometida e respectuosa co noso medio e o medio ambiente.
- Lembraremos en todo momento que a nosa actitude leva implícita a imaxe pública da institución.

❖ DOCENCIA E INVESTIGACIÓN

- Manteremos o nivel de coñecementos, mellorando de forma continua as capacidades e habilidades axeitadas ás actividades que desenvolvemos; fomentaremos a incorporación do coñecemento á práctica diaria.
- Facilitaremos a todo o persoal en período de formación os medios necesarios para a adquisición de coñecementos, habilidades e actitudes profesionais e humanas que lles permita desenvolver unha axeitada actividade asistencial e investigadora.
- Conxugaremos o noso deber docente e investigador co noso deber asistencial, de maneira que as actividades de formación e investigación non supoñan un prexuízo ou agravio para os doentes.
- Respectaremos no desenvolvemento da labor investigadora os principios éticos internacionais.
- A investigación científica só se debe levar a cabo previo consentimento libre, expreso e informado da persoa interesada con información axeitada e comprensible. No caso das persoas ou grupos vulnerables, teranse consideracións especiais a fin de procurar a máxima protección.
- No caso dos ensaios clínicos, na nosa Comunidade Autónoma será o comité autonómico, quen emitirá os informes correspondentes.

IV.- RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS ETICOS

Se no desenvolvemento do noso traballo diario xorden conflitos éticos, a deliberación e a reflexión compartida deben ser os instrumentos para a resolución. A deliberación é un proceso de ponderación de factores nunha situación concreta que nos levará a tomar a decisión máis prudente. Para unha boa deliberación son necesarias, entre outras actitudes e habilidades: prudencia, escoita activa, empatía, capacidade para detectar os valores implicados en cada caso particular, a busca de solucións, o coñecemento do marco legal e a capacidade para dar consellos non directivos.

É importante contar con ferramentas que nos axuden na toma de decisións no campo dos conflitos de valores. O establecemento de Protocolos de actuación nos diferentes servizos para aquelas situacións frecuentes de conflito pode axudar á toma de decisións. Ás veces é clarificador consultar ao Comité de Ética Asistencial e todas aquelas vías que nos permitan realizar, ou lesionar o menos posible, os valores en conflito.

V.- CONCLUSIÓN

Non poderíamos pechar este documento sen facer alusión ás fins fundamentais da medicina para o século XXI: curar e aliviar o sufrimento cando non é posible a saúde. Este último é un obxectivo moi importante e ten que estar ao mesmo nivel que o primeiro.

É, en resumo, a busca da excelencia, a gran tarefa e o reto que temos ante nós. En pro do cumprimento deste desexo, lembramos as palabras de Laín Entralgo, aínda con plena vixencia: “vive e actúa coma se do teu esforzo dependese que se realice pronto o que esperas ou desexarías poder esperar”.

Nada máis, pero tampouco menos.

DOCUMENTOS DE REFERENCIA

- Joint Commission International (JCI) Accreditation Standards for Hospitals, 3rd Edition. 2008.
- Ley de Autonomía del Paciente. Ley 41/2002 de 14 de noviembre. Boletín Oficial del Estado, nº 274, (15-11-202).
- Ley de la C.A. de Galicia 3/2005, de 7 de marzo, de modificación de la Ley 3/2001, de 28 de mayo, reguladora del consentimiento informado y de la historia clínica de los pacientes.
- Declaración Universal sobre Bioética y Derechos Humanos. 2005 Consultada el 20 /01/10 en: http://portal.unesco.org/es/ev.php-URL_ID=31058&URL_DO=DO_PRINTPAGE&URL_SECTION=201.html
- Código deontológico de Enfermería
- Código deontológico de Medicina
- Código deontológico de Trabajo Social
- Código Ético Do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela. 2009.
- Código Ético Hospital Universitario de Bellvitge. 2007
- Código Ético Clínica Palermo. 2007.
- Análisis de problemas. La solución de conflictos éticos, consultado el 17 Marzo 2010 en: <http://www.fisterra.com/formacion/bioetica/pdf/dilemas.pdf>
- Gracia D. La deliberación moral: el método de la ética clínica. Med Clin (Barc) 2001; 117: 18-23.
- Gracia D. Como arqueros al blanco. Estudios de bioética. Madrid, Triacastela, 2004

Elaborado polos membros do Comité de Ética Asistencial.

Asunción Yañez López

Consuelo Calviño Costas

Guillermo Quintero Aldana

Olivia Diez Lindin

Felisa Rey González

Jesús Giménez García

Miguel Angel Fernández López

Aranzazu García Martínez

Pilar Martínez López

Dolores Fandiño García

Andrea Gallego Valdeiglesia

Isabel Vila Iglesias

Marcos Zapata Figueiras

Eva Soilán Pérez